

A maquillaxe nas artes escénicas (para comentar na posta en escena)

A maquillaxe nas artes escénicas refírese á aplicación de produtos cosméticos e técnicas de pintura facial e corporal para caracterizar os personaxes nunha obra teatral. No teatro, a maquillaxe non só busca embelecer senón tamén crear e transformar, ao axudar os actores e actrices a personificar as personaxes de diferentes idades, xéneros, épocas, criaturas fantásticas etc.

No teatro, a maquillaxe non só busca embelecer senón tamén crear e transformar, ao axudar os actores e actrices a personificar as personaxes de diferentes idades, xéneros, épocas, criaturas fantásticas etc. Mediante o uso de técnicas específicas e produtos especializados, a maquillaxe pode rexuvenecer, envellecer, masculinizar, feminizar ou crear aspectos fantásticos, animais etc. Esta transformación é fundamental para que o público poida identificar e empatizar cos personaxes en escena.

Outra función a maquillaxe no teatro é reforzar a narrativa e o ambiente da obra. Un personaxe con maquillaxe escura e liñas marcadas pode transmitir maldade ou tensión, mentres que unha maquillaxe suave e cores claras pode expresar inocencia ou bondade, por exemplo. O uso da maquillaxe no teatro é unha forma visual de contar historias, axudando a establecer o ton e o ambiente da obra desde o primeiro momento.

As técnicas comúns de maquillaxe

A maquillaxe escénica cumpre unha función máis utilitaria ca estética. A iluminación nunha representación escénica é intensa e, a diferenza da luz solar, pode contribuír a alterar o rostro facendo que perda tridimensionalidade e creando unha cara plana sen expresión. Polo tanto, o obxectivo da maquillaxe é ou ben devolver os trazos faciais naturais ao rostro do intérprete ou ben transformalo.

a) Maquillaxe natural

A maquillaxe utilízase para que o rostro do intérprete non se transforme coa intensidade da luz. Utilizaríase unha maquillaxe neutral, acorde co actor e actriz.

a) Maquillaxe de caracterización

Utilízase para transformar o intérprete nun personaxe específico. Pode requirir, ademais das técnicas de maquillaxe, uso de próteses faciais, perrucas, barbas falsas etc. É común en obras que representan criaturas fantásticas ou personaxes históricos.

b) Maquillaxe correctivo

Utilízase para resaltar ou diminuír certos trazos faciais, para axudar a crear unha aparencia favorable ou adecuada para o personaxe.

c) Maquillaxe de efectos especiais

Inclúe uso de látex, sangue falsa, cicatrices e outros elementos para crear feridas, deformidades, características non humanas etc. É común en obras de terror ou ciencia ficción.

A maquillaxe no teatro é unha arte invisible, pero esencial. Aínda que non sempre se nota, o seu impacto na narrativa, caracterización e estética dunha obra é indiscutible. Xa sexa que busque facer rir, chjorar, asustar... o público, a maquillaxe é unha ferramenta poderosa que axude a contar e reforzar a peza teatral.